

Outro mundo é posible: Andreia Costas



<https://www.radioredondela.com/audios-seccions/outro-mundo-e-posible-andreia-costas/>

Con motivo da celebración o 28 de xuño do Día Internacional do Orgullo LGTBI, Compostela Diversa recolle unha serie de accións e actividades para facer en Santiago de Compostela. Alí a poeta redondelá Andreia Costas Otero foi galardoada co primeiro premio do IV Certame de Poesía LGBT+ de Avante LGBT+ Compostela. Falamos con ela da peza gañadora “EURÍDICE DIXIT”, da súa poderosa mensaxe sobre a bisexualidade e de como é “saír do armario literario”. Un exemplo de diversidade no mundo da arte, con moito percorrido e historias que contar.

A argumentación do xurado para concederlle o galardón foi a seguinte:

“Polo diálogo entre xéneros, misturando teatro e poesía. E pola revisión dun mito clásico, dende o humor e a forma. Introduce un léxico diverso e orixinal, propoñendo novas palabras híbridas. Demostra un traballo extenso de investigación e de edición do propio documento”.